



NORMAS XERÁIS III FESTA DAS ANPAS DA ESCOLA PÚBLICA

Albergue de Gandarío (Concello de Bergondo)

25 de maio de 2019

- 1.- Hora de chegada ás 10:30.** Os autobuses deixarán aos pasaxeiros na porta das instalacións e seguirán as indicacións dos voluntarios de Protección Civil para chegar ao aparcadoiro habilitado para eles. Asemade indicarán aos vehículos particulares zonas de parking se fose necesario.
- 2.-** Os asistentes entregarán as entradas á organización segundo vaian chegando e, seguindo as instrucións da organización, deixarán as mochilas na zona habilitada dentro das instalacións que será pechada ás 11:00. Non se poderá acceder novamente a elas ata a hora marcada, antes de xantar. Pola tarde non se disporá deste servizo.
- 3.-** As actividades comezan ás 11 da mañá.
- 4.-** Cada colexio terá un responsable/encargado da ANPA que se moverá polas actividades e será a referencia do seu grupo para cuestións de control, calquera incidencia, necesidade (poidendo contar con mais colaboradores da súa ANPA, neste caso débese informar á organización).
- 5.-** O responsable de cada ANPA será o contacto directo cos responsables da organización para calquera cousa que haia que resolver ou incidencia que comentar.
- 6.-** Os monitores da organización **SÓ** se encargarán do funcionamento de cada xogo ou actividade que teñan asignado.
- 7.-** Os adultos acompañarán aos nenos e nenas nas actividades. Rogamos sexan acatadas as decisións dos organizadores.
- 8.-** Os nenos/as de Educación Infantil deberán ir sempre acompañados por nai, pai ou adulto dentro do grupo de xogo.
- 9.-** Os asistentes permanecerán no recinto da Festa desde a hora de chegada (10:30) ate o seu remate (18:00). Por motivos de control e seguridade, non se permitirán entradas fóra das horas indicadas.
- 10.-** Se unha familia decide marchar antes do fin da festa deberá comunicalo previamente ao encargado da ANPA e éste á organización.
- 11.-** En ningún momento ningún neno poderá estar sen o control dun adulto ou responsable.
- 12.-** As 13:30 horas procederáse á recollida das mochilas de maneira ordenada e seguindo as indicacións da organización, reagrupando aos coles nun espazo para xantar todos xuntos. **Lembre que o xantar debe traelo cada un de por sí da casa.**
- 13.-** Ás 15:30 retomaránse as actividades.
- 14.-** Coa festa da escuma poñeremos punto final á festa. **IMPORTANTE:** Traer roupa cómoda, visera ou gorra, crema de protección se o considerades necesario, e bañador ou muda para que os pequenos non vaian mollados na viaxe de volta.
- 15.-** A Federación non se fai responsable das imaxes rexistradas feitas por particulares, ou do uso que se faga delas, durante a duración da xuntanza. Lembramos que non está permitido a utilización de fotos de menores sen autorización.

MOITAS GRAZAS A TODAS E TODOS!!!!